



Severino Álvarez Monteserín, secretario do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

Certifico:

Que o Consello de Dirección de Agader, na súa reunión do 14 de abril de 2015, aprobou o seguinte acordo:

*“Ao abeiro da alínea Dous, letra l), da disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, de conformidade coa proposta do director xeral de Agader do 8 de abril de 2015, apróbase o seguinte acordo:*

**REGRAS DE XESTIÓN DAS SOLICITUDES DE CESIÓN TEMPORAL DO USO E APROVEITAMENTO DE PREDIOS QUE INTEGRAN O BANCO DE TERRAS DE GALICIA.**

**1. AMBITO DE APLICACIÓN DO ACORDO.**

*Este Acordo será de aplicación a aquelas solicitudes e cesións temporais do uso e aproveitamento dos predios que se deban de formalizar en contratos de arrendamento que non leven aparellados outros negocios xurídicos conexos ou complexos (como a constitución de servidumes, dereitos de voo, dereitos de superficie, etc.).*

**2. PERÍODOS DE SOLICITUDE DE CESIÓN DE FINCAS.**

*O primeiro dos prazos de solicitude abarcará os meses de marzo e abril e o segundo dos prazos os meses de outubro e novembro de cada ano. Fóra destes prazos, as solicitudes inadmitiranse por extemporáneas.*

*Non será necesario que se dite un acordo de iniciación expreso para cada un dos prazos, considerándose como data do acordo de iniciación o primeiro día natural do primeiro mes de cada un dos prazos de cada ano.*

*Non obstante, o órgano competente da entidade xestora, e baixo motivos debidamente xustificadas que deberán constar no expediente, pode admitir e resolver solicitudes fóra dos prazos establecidos cando a solicitude a realice calquera ente, organismo ou entidade que forme parte do sector público segundo a definición establecida no artigo 3 do real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por razóns de urxencia, ou as persoas interesadas en xeral en casos particulares e excepcionais.*



*O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución é de 6 meses, que se contará dende a data do acordo de iniciación. Vencido o prazo máximo sen que se dite e notifique a resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.*

*As solicitudes de arrendamento pactadas de mutuo acordo entre a persoa titular do predio e a terceira persoa interesada na cesión, previstas no artigo 18.2.a) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, están exentas do réxime de prazos para presentar as solicitudes de arrendamento.*

### **3. SOLICITUDES DE CESIÓN PARA DISTINTOS DESTINOS OU APROVEITAMENTOS PRINCIPAIS**

*No caso de concorrencia de solicitudes de cesión temporal sobre un mesmo predio para distintos destinos ou aproveitamentos principais, as solicitudes serán clasificadas nos seguintes grupos e orde de preferencia en función do destino ou aproveitamento principal solicitados de entre os previstos no artigo 6.1 da Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras:*

- 1º grupo: solicitudes con fins agropecuarios (aproveitamentos agrícolas e/ou gandeiros).
- 2º grupo: solicitudes con fins forestais.
- 3º grupo: solicitudes con fins ambientais, paisaxísticos, de custodia do territorio, de conservación da natureza ou a outros usos vinculados a estes.
- 4º grupo: solicitudes con fins de infraestruturas, patrimoniais ou de regularización do patrimonio das administracións públicas.

*Clasificadas as solicitudes por grupos e orde de preferencia, e sempre que dentro dun mesmo grupo sexa posible o destino ou aproveitamento e tipo de cultivo ou uso solicitado de acordo coa normativa de aplicación, en particular a relativa aos usos do solo, denegaranse as solicitudes de cesión incluídas no/s grupo/s seguinte/s ás do grupo superior. As solicitudes dentro de cada grupo serán resoltas de conformidade coa normativa e criterios aplicables a cada grupo.*

### **4. SOLICITUDES DE CESIÓN PARA ARRENDAMENTOS AGRÍCOLAS E GANDEIROS.**

#### **4.1. CRITERIOS ESPECÍFICOS DE ADXUDICACIÓN NO SUPOSTO DE CONCORRENCIA DE VARIAS SOLICITUDES DE CESIÓN SOBRE UN MESMO PREDIO.**

##### **4.1.1. Criterios de adxudicación de predios.**

| Punt. Máxima | Criterio                                                  | Nº orde | Variable                                   | Puntuación |
|--------------|-----------------------------------------------------------|---------|--------------------------------------------|------------|
| 25           | Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante | 1       | Persoa titular de explotación agropecuaria | 15         |
|              |                                                           | 2       | Persoa titular inscrita no SETA            | 25         |



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
Tel: 981547354 - Fax: 981547381  
agader.xunta.es  
CIF: Q1500273F



|    |                                    |    |                                                                                                                                                                                      |                                 |
|----|------------------------------------|----|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------|
| 40 | Arrendamento previo                | 3  | Arrendamento inmediatamente previo en condicións adecuadas                                                                                                                           | 40                              |
| 50 | Incorporación á actividade agraria | 4  | Explotación de nova creación                                                                                                                                                         | 20                              |
|    |                                    | 5  | Incorporación de persoa moza                                                                                                                                                         | 20 (+5 adicional de ser muller) |
| 40 | Ampliación da base territorial     | 6  | Contrato de explotación sustentable                                                                                                                                                  | 10                              |
|    |                                    | 7  | Explotación acollida a plan de mellora                                                                                                                                               | 10                              |
|    |                                    | 8  | Explotación agraria prioritaria                                                                                                                                                      | 10                              |
|    |                                    | 9  | Explotación en produción ecolóxica                                                                                                                                                   | 10                              |
| 30 | Xénero das persoas titulares       | 10 | Máis do 50% de persoas titulares mulleres                                                                                                                                            | 30                              |
|    |                                    | 11 | 50% de persoas titulares mulleres                                                                                                                                                    | 20                              |
|    |                                    | 12 | Mulleres como persoas titulares, pero menos do 50%                                                                                                                                   | 10                              |
| 60 | Colindancia e proximidade          | 13 | Parcela propia colindante                                                                                                                                                            | 40                              |
|    |                                    | 14 | Parcela arrendada ou propia a menos de 100 m                                                                                                                                         | 25                              |
|    |                                    | 15 | Parcela arrendada ou propia a menos de 100 m                                                                                                                                         | 15                              |
|    |                                    | 16 | Explotación a menos de 2 km                                                                                                                                                          | 10                              |
|    |                                    | 17 | Explotación entre 2 e 5 km                                                                                                                                                           | 5                               |
| 15 | Asociacionismo                     | 18 | Cooperativas agrarias e SAT                                                                                                                                                          | 15                              |
|    |                                    | 19 | S.A. ou S.L. con obxecto social afín                                                                                                                                                 | 10                              |
|    |                                    | 20 | Outras formas de asociación ou comunidade legalmente establecidas con obxecto social afín.                                                                                           | 5                               |
| 40 | Prezo                              | 21 | Incremento do 100% sobre o prezo base                                                                                                                                                | 40                              |
|    |                                    | 22 | Entre o prezo base e o 100% de incremento                                                                                                                                            | Proporcional                    |
|    |                                    | 23 | Prezo base                                                                                                                                                                           | 0                               |
| 60 | Investigación e experimentación    | 24 | Campos de experimentación, investigación, ensaio ou extensión, promovidos por centros oficiais de investigación agraria ou por entidades sen ánimo de lucro legalmente establecidas. | 60                              |
| 60 | Interese medioambiental            | 25 | Actuacións relacionadas estritamente con actuacións de protección medioambiental ou paisaxística promovidas por entidades sen ánimo de lucro legalmente establecidas.                | 60                              |

galicia





|     |                 |    |                                                                                                                |     |
|-----|-----------------|----|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| 100 | Interese social | 26 | Apartado 6.2f) da lei de mobilidade.                                                                           | 100 |
|     |                 | 27 | Persoas desempregadas de longa duración e/ou persoas desempregadas maiores de 45 anos.                         | 60  |
|     |                 | 28 | Entidades sen ánimo de lucro legalmente establecidas que teñen como obxecto a loita contra a exclusión social. | 60  |

Para a doada comprensión dos criterios, a xustificación da súa valoración e a documentación acreditativa do cumprimento seguirase o disposto nas correspondentes Follas Técnicas, que serán aprobadas pola persoa titular da dirección xeral da Agader no exercicio da función de xestionar a Axencia (artigo 10.2.j do Decreto 79/2001, do 6 de abril, que aproba o Regulamento da Agader).

#### 4.1.2. Factores de corrección.

Para evitar a acumulación de parcelas nas mans dun só solicitante e así favorecer o acceso á terra ás distintas persoas, aplicaranse os seguintes factores de corrección sobre a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación.

| Factor | Criterio                                 |
|--------|------------------------------------------|
| 1      | As tres primeiras solicitudes.           |
| 0,60   | Entre a 4ª e a 6ª solicitude, incluídas. |
| 0,40   | A partir da 7ª solicitude.               |

A corrección consistirá en multiplicar a puntuación obtida na táboa inicial polo factor que lles corresponda aos criterios sinalados na táboa precedente.

Para a aplicación deste factor de corrección teranse en conta a totalidade de predios solicitados no período para o que se tramita a concorrência, sexa cal sexa o destino ou uso solicitado, de maneira que o factor se aplique en función da data de recepción da solicitude e, dentro da mesma data, segundo a prioridade que a persoa estableza explicitamente. Dito factor así calculado aplicarase para cada parcela, independentemente que teñan ou non concorrência.

#### 4.1.3. Criterios de desempate.

No caso de que dúas ou máis persoas solicitantes obteñan a mesma puntuación, sobre unha mesma parcela solicitada, despois de aplicar as regras anteriores, aplicaranse os seguintes criterios de desempate de maneira consecutiva:

##### 4.1.3.1 Primeiro criterio:

A obtención de máis puntuación nos criterios de adxudicación segundo a seguinte orde de preferencia:

|   |                     |
|---|---------------------|
| 1 | Arrendamento previo |
|---|---------------------|



|    |                                                                          |
|----|--------------------------------------------------------------------------|
| 2  | <i>Interese social</i>                                                   |
| 3  | <i>Investigación e experimentación</i>                                   |
| 4  | <i>Incorporación á actividade agraria</i>                                |
| 5  | <i>Colindancia e proximidade</i>                                         |
| 6  | <i>Ampliación da base territorial</i>                                    |
| 7  | <i>Interese medioambiental</i>                                           |
| 8  | <i>Xénero das persoas titulares</i>                                      |
| 9  | <i>Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante agraria</i> |
| 10 | <i>Prezo</i>                                                             |
| 11 | <i>Asociacionismo</i>                                                    |

**4.1.3.2 Segundo criterio:**

*Pola data de presentación da solicitude, en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

**4.1.3.3 Terceiro criterio:**

*Polo número do NIF. Adxudicarase o predio a persoa solicitante que teña o número máis baixo dos últimos 6 díxitos numéricos do NIF.*

**4.1.4. Documentación complementaria.**

*Para a valoración e a acreditación dos criterios denominados “Investigación e experimentación”, “Actuacións de protección medioambiental” e, dentro do criterio “Interese social”, o relativo a parados de longa duración e maiores de 45 anos e a entidades sen ánimo de lucro que teñan como finalidade a loita contra a exclusión social, a solicitude deberá ir acompañado dunha memoria na que se recolla o plan de actuación, que deberá ser aprobada polo banco de terras. Adicionalmente, no caso dos criterios de interese social referidos engadirase un compromiso, por parte das persoas solicitantes, de adquirir a formación adecuada para o cumprimento dos fins explicitados na memoria nun prazo de dous anos dende a sinatura do contrato, no caso de que careceran desa formación.*



## **5. SOLICITUDES DE CESIÓN PARA ARRENDAMENTOS FORESTAIS.**

### **5.1. CONDICIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DO USO FORESTAL DE PREDIOS INTEGRADOS NO BANCO DE TERRAS DE GALICIA.**

#### **5.1.1. Autorización de usos forestais.**

*Aos efectos da Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras e no que respecta a determinación do destino ou aproveitamento forestal dos predios propiedade do Banco de Terras de Galicia:*

*1.- Admitirase por defecto o destino ou aproveitamento forestal leñoso e o aproveitamento forestal non madeireiro, como a cortiza, os pastos, a caza, os froitos, os fungos, as plantas aromáticas e medicinais e os produtos apícolas, sempre que estea permitido pola normativa aplicable, e salvo informe técnico en contrario, que constará no oportuno expediente.*

*2.- Non se admitirá o destino ou aproveitamento forestal madeireiro e de biomasa forestal:*

- a) Cando existan vivendas, construcións e instalacións situadas dentro da área de cálculo que define o contorno do predio, ou que os predios nos que se enclavan estas estean incluídos total ou parcialmente dentro da dita área de cálculo, salvo que se trate de construcións e instalacións forestais destinadas á extracción da madeira ou a xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, en cuxo caso se admitirá o aproveitamento forestal madeireiro e de biomasa forestal.*
- b) Cando a superficie de uso agrícola e/ou pecuario na área de cálculo que define o contorno do predio segundo se define no apartado seguinte, sexa do 40 % ou superior.*
- c) Cando a superficie de uso agrícola e/ou pecuario na área de cálculo que define o contorno do predio, segundo se define no apartado seguinte, sexa inferior ao 40 % e a superficie destinada a uso forestal arborado sexa inferior ao 60 %.*

*3.- Admitirase o aproveitamento forestal madeireiro e de biomasa forestal:*

- a) Cando a superficie de uso agrícola e/ou pecuario na área de cálculo que define o contorno do predio sexa inferior ao 40 % e a superficie destinada a uso forestal arborado sexa igual ou superior ao 60%.*
- b) Transcorridos dous anos ininterrompidos desde que o predio fose solicitado con fins forestais sen que o mesmo non fose cedido para outros destinos ou aproveitamentos distintos ao forestal, tendo en conta o sinalado no apartado 2.*
- c) Cando, por razóns excepcionais, derivadas de cuestións técnicas, e sempre que estea permitido pola normativa aplicable, a entidade de xestión do banco de terras, mediante informe razoado, así o determine.*

*Ditos criterios non serán de aplicación no caso de incorporación de parcelas por particulares, no que reixerá exclusivamente o determinado pola normativa sectorial de aplicación. No caso das cesións pactadas de mutuo acordo previstas no artigo 18.2.a)*



*da Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, a persoa titular do predio poderá determinar o destino ou aproveitamento principal do predio e o tipo de cultivo ou uso para a súa cesión a terceiros, que o Banco de Terras terá que respectar. Non obstante o sinalado, non se admitirá o destino ou aproveitamento forestal dos predios cando este non estea permitido pola normativa sectorial de aplicación, en particular a relativa aos usos do solo.*

#### **5.1.2. Metodoloxía de determinación da área de cálculo.**

*A metodoloxía a seguir para determinar o destino ou aproveitamento forestal será a seguinte:*

- 1. Calcularase o centroide da parcela solicitada, entendendo por centroide o centro de simetría da figura xeométrica que a define ou, no caso de xeometrías irregulares, o punto onde un soporte simple pode equilibrar o obxecto.*
- 2. Debuxarase unha circunferencia con centro o centroide do predio e un radio de 150 metros. De non abranguer esta circunferencia o conxunto total da parcela, aumentarase o radio ate conseguir que inclúa no seu interior a área total ocupada pola parcela.*
- 3. Calcularanse os usos do entorno da parcela: No interior da circunferencia así definida calcularase a superficie que está dedicada cada categoría de usos, conforme aos que figuran na base de datos do sistema de información de parcelas agrícolas –sixpac–, e, en caso de discrepancia entre estes e a realidade existente, conforme a esta última.*
- 4. Aplicaranse os criterios establecidos para a determinación do destino ou aproveitamento forestal.*

#### **5.1.3. Condicións específicas para a autorización.**

*Aos predios integrantes do Banco de Terras de Galicia con destino ou aproveitamento forestal madeireiro e/ou de biomasa forestal seralles de aplicación a Orde do 19 de maio do 2014 (DOG Núm. 106 do 05.06.2014) ou norma que a substitúa, modifique ou complemente.*

*Nas solicitudes de cesión temporal de predios integrantes do Banco de Terras de Galicia para os destinos devanditos, e as especies e distritos forestais previstos, indicarse a especie e o código do modelo silvícola polo que se opta, dentro dos establecidos no Anexo I da citada orde, sen que sexa posible a cesión temporal de predios para a plantación de especies incluídas en distritos non contemplados nos modelos silvícolas.*

*Formalizado o documento de cesión temporal, a adhesión á que fai referencia o artigo 7 citada orde será obrigatoria para a persoa beneficiaria, que deberá realizar a comunicación de adhesión, nos termos previstos na Orde, no prazo máximo de 12 meses dende a entrada en vigor da cesión temporal. O seu incumprimento será causa de resolución do negocio xurídico.*



*De tratarse de especies non incluídas no citado Anexo I presentarase unha memoria ou plan de acción, explotación ou actuación sobre o predio solicitado, que deberá ter o mesmo esquema de contidos e estrutura dos devanditos modelos silvícolas.*

*A entidade xestora do Banco de Terras de Galicia poderá requirir toda aquela documentación técnica e xurídica que precise para determinar de xeito inequívoco a acción, explotación ou actuación que a persoa solicitante vai realizar no predio en cuestión, que será considerada como condición esencial da adxudicación e do negocio xurídico baixo a cal se formalice a dita cesión.*

#### **5.1.4. Incorporación de predios ao Banco de Terras de Galicia aos efectos da previsión contida no artigo 61 da Lei de Galicia 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.**

*Aos efectos da previsión contida no artigo 61 da Lei de Galicia 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, relativo aos cambios de actividade agrícola a forestal, e en relación coas previsións contidas na Lei de Galicia 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, só se computarán os períodos nos que o ben estivo incorporado ao Banco de Terras de Galicia por un período ininterrompido de polo menos dous anos consecutivos e con suxeición ao prezo mínimo de renda marcado pola entidade xestora en función dos prezos de referencia establecidos polo Consello da Xunta de Galicia.*

### **5.2. CRITERIOS ESPECÍFICOS DE ADXUDICACIÓN NO SUPOSTO DE CONCORRENCIA DE VARIAS SOLICITUDES DE CESIÓN SOBRE UN MESMO PREDIO.**

#### **5.2.1. Criterios de adxudicación de predios.**

| <b>Punt. Máxima</b> | <b>Criterio</b>                                           | <b>Nº orde</b> | <b>Variable</b>                                            | <b>Puntuación</b> |
|---------------------|-----------------------------------------------------------|----------------|------------------------------------------------------------|-------------------|
| 15                  | Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante | 1              | Persoa titular de explotación agropecuaria                 | 15                |
| 40                  | Arrendamento previo                                       | 2              | Arrendamento inmediatamente previo en condicións adecuadas | 40                |
| 30                  | Xénero das persoas titulares                              | 3              | Máis do 50% de persoas titulares mulleres                  | 30                |
|                     |                                                           | 4              | 50% de persoas titulares mulleres                          | 20                |
|                     |                                                           | 5              | Mulleres como persoas titulares, pero menos do 50%         | 10                |
| 60                  | Colindancia e proximidade                                 | 6              | Parcela propia colindante                                  | 40                |
|                     |                                                           | 7              | Parcela arrendada ou propia a menos de 2 km                | 15                |
|                     |                                                           | 8              | Parcela arrendada ou propia entre 2 e 5 km                 |                   |



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Lugar da Barcia 56, Lاراño  
15897 Santiago de Compostela  
Tel: 981547354 - Fax: 981547381  
agader.xunta.es  
CIF: Q1500273F



|     |                                 |    |                                                                                                                                                                                                                                                                                      |               |
|-----|---------------------------------|----|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| 15  | Asociacionismo                  | 9  | Sofor                                                                                                                                                                                                                                                                                | 15            |
| 40  | Prezo                           | 10 | Incremento do 100% sobre o prezo base                                                                                                                                                                                                                                                | 40            |
|     |                                 | 11 | Entre o prezo base e o 100% de incremento                                                                                                                                                                                                                                            | Proporcion al |
|     |                                 | 12 | Prezo base                                                                                                                                                                                                                                                                           | 0             |
| 60  | Características da explotación  | 13 | Aproveitamentos forestais non madeireiros                                                                                                                                                                                                                                            | 60            |
|     |                                 | 14 | Explotacións con especies exclusivamente da lista nº 1                                                                                                                                                                                                                               | 40            |
|     |                                 | 15 | Explotacións con especies exclusivamente da lista nº 2.                                                                                                                                                                                                                              | 20            |
| 60  | Investigación e experimentación | 16 | Campos de experimentación, investigación, ensaio ou extensión, promovidos por centros oficiais de investigación forestal ou por entidades sen ánimo de lucro legalmente establecidas, e destinados a aproveitamentos non madeireiros ou madeireiros de especies incluídas no Anexo I | 60            |
| 60  | Interese medioambiental         | 17 | Relacionadas estritamente con actuacións de protección medioambiental ou paisaxística                                                                                                                                                                                                | 60            |
| 100 | Interese social                 | 26 | Apartado 6.2f) da lei de mobilidade.                                                                                                                                                                                                                                                 | 100           |

Aos efectos dos criterios denominados “características da explotación” e “Investigación e experimentación”, as especies contempladas pertencen ás seguintes listas:

Lista de especies nº 1: Castiñeiro (*Castanea Sativa*), Castiñeiro Híbrido (*Castanea x híbrida*), Carballo (*Quercus robur*), Cerdeira (*Prunus avium*), Nogueira (*Juglans regia*), Sobreira (*Quercus suber*), Piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*), Teixo (*Taxus baccata*)

Lista de especies nº 2: Ameneiro (*Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.), Pradairo (*Acer pseudoplatanus* L.), Bidueiro (*Betula* sp.), Freixo (*Fraxinus excelsior* L.), Freixa (*Fraxinus angustifolia* Vahl.), Cerquiño (*Quercus pyrenaica* Will.), Carballo albar (*Quercus petraea* (Matts) Liebl.), Aciñeira (*Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp.), *Quercus rotundifolia* Lam, Abeleira (*Corylus avellana* L.), Faia (*Fagus sylvatica* L.), Umeiro (*Ulmus glabra* Huds.), *Ulmus minor* Miller, Loureiro (*Laurus nobilis* L.), Sorbeira do monte (*Sorbus aria* L.), Capudre (*Sorbus aucuparia* L.), Érbodo (*Arbutus unedo* L.), Carballo americano (*Quercus rubra*) e a Nogueira americana (*Juglans nigra*)

galicia

**5.2.2. Factores de corrección.**

*Para evitar a acumulación de parcelas nas mans dun só solicitante e así favorecer o acceso á terra ás distintas persoas, aplicaranse os seguintes factores de corrección sobre a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación.*

| <b>Factor</b> | <b>Criterio</b>                          |
|---------------|------------------------------------------|
| 1             | As tres primeiras solicitudes.           |
| 0,60          | Entre a 4ª e a 6ª solicitude, incluídas. |
| 0,40          | A partir da 7ª solicitude.               |

*A corrección consistirá en multiplicar a puntuación obtida na táboa inicial polo factor que lles corresponda aos criterios sinalados na táboa precedente.*

*Para a aplicación deste factor de corrección teranse en conta a totalidade de predios solicitados no período para o que se tramita a concorrência, sexa cal sexa o destino ou uso solicitado, de maneira que o factor se aplique en función da data de recepción da solicitude e, dentro da mesma data, segundo a prioridade que a persoa estableza explicitamente. Dito factor así calculado aplicarase para cada parcela, independentemente que teñan ou non concorrência.*

**5.2.3. Criterios de desempate.**

*No caso de que dúas ou máis persoas solicitantes obteñan a mesma puntuación, sobre unha mesma parcela solicitada, despois de aplicar as regras anteriores, aplicaranse os seguintes criterios de desempate de maneira consecutiva:*

**5.2.3.1 Primeiro criterio:**

*A obtención de máis puntuación nos criterios de adxudicación segundo a seguinte orde de preferencia:*

|    |                                                           |
|----|-----------------------------------------------------------|
| 1  | Características da explotación                            |
| 2  | Interese social                                           |
| 3  | Arrendamento previo                                       |
| 4  | Investigación e experimentación                           |
| 5  | Colindancia e proximidade                                 |
| 6  | Interese medioambiental                                   |
| 7  | Xénero das persoas titulares                              |
| 8  | Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante |
| 9  | Prezo                                                     |
| 10 | Asociacionismo                                            |



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Lugar da Barcia 56, Lاراño  
15897 Santiago de Compostela  
Tel: 981547354 - Fax: 981547381  
agader.xunta.es  
CIF: Q1500273F



*5.2.3.2 Segundo criterio:*

*Pola data de presentación da solicitude, en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*5.2.3.3 Terceiro criterio:*

*Polo número do NIF. Adxudicarase o predio a persoa solicitante que teña o número máis baixo dos últimos 6 díxitos numéricos do NIF.*

**5.2.4. Documentación complementaria.**

*Para valoración e a acreditación dos criterios denominados “Investigación e experimentación”, “Actuacións de protección medioambiental”, a solicitude deberá ir acompañada dunha memoria na que se recolla o plan de actuación, que deberá ser aprobada polo banco de terras. Adicionalmente, no caso dos criterios de interese social referidos engadirase un compromiso, por parte das persoas solicitantes, de adquirir a formación adecuada para o cumprimento dos fins explicitados na memoria nun prazo de dous anos dende a sinatura do contrato, no caso de que careceran desa formación.*

**6. DENEGACIÓN DA CESIÓN TEMPORAL DO USO E APROVEITAMENTO DE PREDIOS A QUEN TEÑA DÉBEDAS PENDENTES COA AGADER.**

*Autorízase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a denegar a cesión temporal do uso e aproveitamento de predios solicitadas no marco do artigo 18 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, naqueles casos nos que a persoa solicitante, xa se trate de persoa física ou persoa xurídica, teña, no momento previo á adxudicación dos predios de que se trate, débedas pendentes coa axencia, xa sexan estas procedentes ou non da actividade do Banco de Terras de Galicia.*

**7. ARRENDAMENTOS PACTADOS DE MÚTUO ACORDO.**

*Aos arrendamentos pactados de mutuo acordo entre a persoa titular do predio e a terceira persoa interesada na cesión, previstos no artigo 18.2.a) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, non lles será de aplicación o previsto nos puntos 2, 3, 4 e 5.2 deste acordo.*

*Cando existan solicitudes de cesión en arrendamento dun predio, denegarase o arrendamento pactado de mutuo acordo que non fora comunicado á entidade xestora con carácter previo ás citadas solicitudes.*

*Cando exista unha solicitude de cesión en arrendamento pactado sobre un predio, a entidade xestora denegará as cesións que se soliciten con data posterior á da citada solicitude.*

galicia





**8. RETIRADA DOS PREDIOS QUE NON SEXAN DA TITULARIDADE DA ENTIDADE XESTORA DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA.**

*A retirada dun predio do banco de terras de Galicia impedirá a súa incorporación de novo ao banco de terras de Galicia nun prazo de 2 anos, a contar dende a data de efecto da mesma.*

*Non obstante, se esa retirada estivese amparada nalgunha das circunstancias previstas no artigo 11.8 da Lei de mobilidade de terras, non impedirá a súa incorporación de novo ao banco de terras de Galicia, en calquera momento, sempre que desaparecese a circunstancia que a motivou.*

*Será retirado do banco de terras de Galicia todo predio do que, durante a tramitación do procedemento de cesión temporal, non se acredite que estea dispoñible para ser cedido en arrendamento no prazo de 6 meses a contar dende que se lle notifique á persoa titular do mesmo que existen solicitudes para ser cedido.*

**9. DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE CESIÓN TEMPORAL.**

*Ademais de polas causas previstas na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, denegaranse as solicitudes de cesión temporal do uso e aproveitamento de predios nos seguintes casos:*

- a) que se deban de formalizar en negocio xurídico distinto dun contrato de arrendamento ou que este leve aparellado outro negocio xurídico conexo ou complexo (como a constitución de servidumes, dereitos de voo, dereitos de superficie, etc.).*
- b) cuxo destino ou aproveitamento principal que se lle pretenda dar ao predio sexa con fins de infraestruturas.*
- c) cando se deán as circunstancias previstas no artigo 11.8 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.*
- d) cando se solicite a cesión temporal do uso e aproveitamento a título gratuito de predios integrantes do Banco de Terras de Galicia que sexan da titularidade da entidade xestora, da Comunidade Autónoma de Galicia, ou da Administración Xeral do Estado.*
- e) cando sexa solicitada tamén a súa cesión en propiedade por unha Administración Pública e os motivos da solicitude sexan conformes co sinalado no artigo 6 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.*

*Non obstante, poderase acordar a cesión temporal do uso e aproveitamento de predios nos casos anteriores, cando a solicitude sexa formulada por unha Administración Pública.*



## **10. RÉXIME TRANSITORIO DOS PROCEDEMENTOS DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA.**

*Aos procedementos de cesión temporal iniciados á data na que o presente Acordo produza os seus efectos, e ás solicitudes de cesión que se presenten no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de abril de 2015, seránlles aplicables os Acordos vixentes no momento da aprobación deste acordo, agás nos supostos non contemplados naqueles, en cuxo caso será de aplicación o disposto no presente Acordo, sempre que non resulte incompatible ou contraditorio con aqueles.*

## **11. PERDA DA EFICACIA DE ACORDOS.**

*Quedan sen efecto os seguintes Acordos do Consello de Dirección da Agader relativos a xestión do Banco de Terras de Galicia:*

- a) Acordo do 20 de decembro de 2011.*
- b) Acordo do 23 de marzo de 2012.*
- c) Acordo do 25 de marzo de 2013, coa excepción do Acordo relativo a designación dos representantes da Agader na comisión mixta para o seguimento e interpretación do convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Agader sobre a xestión de fincas con vocación agraria, asinado o 12 de febreiro de 2013, que permanece en vigor.*
- d) Acordo do 11 de xullo de 2013, coa excepción do Acordo relativo a delegación de competencias na persoa titular da Presidencia e da Dirección Xeral da Agader, que permanece en vigor.*
- e) Acordo do 17 de xullo de 2014.*

## **12. EFECTOS DESTE ACORDO.**

*O presente acordo producirá os seus efectos o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Dirección da Agader."*

E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, a 17 de xullo de dous mil quince.

Vº e praxe

A presidenta

Rosa María Quintana Carballo

O secretario do Consello de  
Dirección

Severino Álvarez Monteserín

